




# RUTA DOS TRES RÍOS

Club de Montaña O Carroucho

23 de Febreiro de 2013

**P**reciosa ruta que percorre un dos tramos mellor conservados do río Ulla, considerado como un dos ríos máis longos e caudalosos de Galicia, e que se acha protexido en parte baixo a figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e incluído dentro da Rede Natura 2000.

A ruta conta con dous tramos diferenciados: a Ruta dos Tres Ríos, de maior dificultade, que discorre sempre a beiras de tres dos ríos principais da zona: o Ulla, Lañas e Beseño, e que destaca polas súas belas paisaxes fluviais. Ao longo deste itinerario acharemos maravillosos bosques autóctonos, diversos muíños tradicionais e elementos naturais destacados como a Fervenza do Salto das Pombas.



Tras unha andaina polo monte á beira do río, aproximadamente no km 2 da ruta, atopamos os Muíños da Carballa. Estes muíños son moi destacados, xa que, foron rehabilitados recentemente. Nos encamiñamos á Fervenza do Salto das Pombas, que constitúe unha paraxe de increíble beleza, das máis importantes que atopamos no concello, situada aproximadamente no km 4 da ruta. Neste punto entramos xa na parroquia de Cornado.

Ponte da Laña espéranos no km 8, aproximadamente, onde podemos apreciar a beleza paisaxística que nos ofrece a desembocadura do río Lañas no Ulla. Seguindo o noso camiñar chegamos ao km 9, a Ponte Basebe a carballeira e o remanso de auga do Ulla que nos atopamos ao finalizar a dos tres ríos, constitúe un dos

*Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte*

## Datos Básicos

- Comezo: San Pedro
- Remate: Ponte de Santaia
- Distancia lineal: 20,5 km.
- Duración aproximada: 6 horas
- Dificultade: Media
- Altura máxima: 250 m
- Altura mínima: 95 m
- Acumul.:  $\uparrow$ 697 m /  $\downarrow$ 584 m



lugares máis destacados en canto a zona turística do concello de Touro. Cruzada a estrada atopamos a Área Recreativa da Santaia: é o punto de partida da Ruta da Ribeira do Ulla e unha zona de descanso e esparcemento destacada, así como todos os seus arredores na que destacan os fantásticos bosques que poboan esta zona, toda unha delicia para a vista e os sentidos.

Aproximadamente no km 13 deixaremos o noso camiño e iremos á procura da Fervenza do Inferniño: un dos puntos de beleza natural máis destacados da andaina.

O noso sendeiro nos levará á busca do Pazo de San Cristovo: aínda que se atopa en ruínas, é un lugar de parada obrigada, para contemplar a riqueza dos antigos señores desta zona.

Na nosa próxima parada atópase a Fervenza de Pena. A partir do km 17 discorre o Bosque do Pego. A frondosidade e a gran extensión que ocupa, con especies autóctonas e ben conservado, fan que sexa considerado como un enclave moi destacado desta ruta e de todo o concello.

E tras camiñar 20 km. atopamos O Pozo do Pego, final da ruta, é un remanso do río Ulla rodeado dunha impresionante masa forestal autóctona. De seguido e tras deixar o río Ulla, teremos que facer una pequena subida en busca do bus que se atopa no km 21.



**Próxima cita:**

**9 Marzo  
Río Lor (O Caurel)**



**O Carroucho**

[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)